



INSTRUCCIÓN

NORMA

Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería, así como en centros privados concertados no curso 2021/22 (código de procedemento ED330E). Diario Oficial de Galicia nº 218, do 12.11.2021.

ALUMNADO DESTINATARIO

Alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial:

a) Non ten que presentar solicitude:

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

SOLICITUDES (SÓ PARA ALUMNADO NON BENEFICIARIO DA AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR)

- Forma de presentación da solicitude: Unicamente de forma presencial no centro educativo no que estea matriculado o/a alumno/a.
- Prazo:
 1. Para o alumnado matriculado no centro no día de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia: 10 días hábiles a partir do seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia, é dicir, do **15 ao 26 de novembro de 2021**.





2. Para o alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, pase a estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, ou se incorpore a un centro docente público titularidade da consellería ou a un privado concertado procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos, a solicitude de máscaras poderase presentar no mesmo prazo que a solicitude de libros e material escolar, é dicir, (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula.

A gravación da solicitude na aplicación fondolibros poderá realizarse conxuntamente seleccionando en obxecto da solicitude “Libros, material e máscaras” (no caso de que o/a alumno/a tamén solicite libros e material escolar).

3. As solicitudes de máscaras para o alumnado indicado no apartado anterior que se incorporen ao centro despois do 31 de marzo de 2022 (prazo límite de solicitude de libros e material), poderán tramitarse ata a finalización do curso escolar, gravando a solicitude na aplicación fondolibros, pero indicando en obxecto da solicitude: “Máscaras”

TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO

- Para a xestión empregárase a ferramenta fondolibros, que foi adaptada para este procedemento.
- Nesta aplicación xa figura admitido o alumnado beneficiario das axudas de material escolar.
- As solicitudes pasarán ao estado concedido cando o centro indique no apartado “Mascaras” - “Entrega por grupo-aula” que o alumno recibiu as máscaras.
- A aplicación no apartado “Informes”-“Máscaras” permitirá xerar listaxes actualizadas provisionais e definitivas, tanto de admitidos como de excluídos.
- As solicitudes que se presenten tramitaranse a través da aplicación conforme ao establecido na Orde do 28 de outubro de 2021, cos mesmos parámetros de renda per cápita da unidade familiar, membros computables, documentación, comprobación de datos, etc. que os do procedemento de axudas para adquisición de libros e material escolar.

DISTRIBUCIÓN DAS MÁSCARAS AO ALUMNADO

- A distribución de máscaras hixiénicas reutilizables ao alumnado realizarase conforme ao sistema que cada centro estableza, mantendo actualizada a información de que alumnado recibiu a máscara na aplicación fondolibros, no apartado “Máscaras” - “Entrega por grupo-aula”

